

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**12266** *Lei orgánica 7/2011, do 15 de xullo, de modificación do artigo 160 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os deputados e senadores deben ser exemplo de rigor e de transparencia, de maneira que ambos os principios constitúan os sinais de identidade da súa actividade política. Esta lei ten por obxecto ordenar a publicación das rendas percibidas polos parlamentarios durante o seu mandato, así como as variacións experimentadas no seu patrimonio persoal.

A transparencia establecida nesta lei non invade dereitos constitucionais, nin converte os xestores públicos en sospeitosos de condutas irregulares. As circunstancias da vida pública española operan a favor da transparencia das rendas e dos bens das persoas que elaboran e aproban as leis. Un veo protector que non permita ver ou coloque nun rexistro secreto a realidade patrimonial dos lexisladores, mais que protexer o seu dereito á intimidade, podería ser presentado por aqueles que buscan a ocasión para xeneralizar sen rigor ou difamar sen causa, como circunstancia propicia para a maledicencia e mesmo como indicio sospeitoso de comportamentos repudiables.

Esta lei pretende contribuír a liberar os deputados e senadores de inxustificables valoracións negativas que moitas veces se predicán dos políticos e teñen como única base os xuízos previos, prexuízos que só poden arraigar nunha opinión pública non suficientemente informada. En consecuencia, a lei aspira a que os cidadáns teñan información sobre o patrimonio e as rendas dos seus representantes políticos e que poidan acceder a ela facilmente a través do «Boletín Oficial de las Cortes Generales» e da páxina web de cada Cámara.

Co devandito fin procede, ademais, tramitala con urxencia e que sexan os parlamentarios actuais, os deputados e senadores que aproban a modificación da Lei orgánica do réxime electoral xeral (LOREX), os primeiros que cumpran o seu mandato e fagan públicos os seus bens e rendas.

#### Artigo único.

Modifícase o penúltimo inciso do artigo 160.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, que terá o seguinte teor:

«O contido do Rexistro de Intereses terá carácter público. As mesas das cámaras, conforme o disposto no punto primeiro desta alínea, acordarán o procedemento para asegurar a publicidade.»

**Disposición derradeira única.**

Esta lei orgánica entrará en vigor o día 8 de setembro de 2011.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO